

A cabeza da Medusa ·

Marilar Aleixandre ·

Xerais, 2008 ·

224 páx · 12,50 euros



A PALABRA VIOLADA E O PODER DA REESCRITA.

A literatura e a súa historia escribíronse á marxe das mulleres. Elas foron sempre contadas, contadas en boca doutros e dende o relato patriarcal, e contadas as autoras que puideran relatar e relatarse. Dende Ovidio até Pondal, a Biblia de por medio, as violacións foron narradas como desafogos dunha natureza masculina supostamente indomábel, como medalla de virilidade, como arma de guerra e moeda de cambio, ou simple anécdota cando as mulleres socialmente nada valían. Relatos que escribiron ás mulleres como vítimas ás que compadeecer ou culpábeis ás que condenar, acusadas de ter espertado a chama do desexo. Sempre obxectos, nunca suxeitos.

N'*A cabeza da Medusa*, gañadora do Premio Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, Marilar Aleixandre devólvelles a voz, as mans e a escrita. E faino a través de dúas mozas novas, Sofía e Lupe, que deberán afrontar a dor, a vergoña e as dúbidas e superar non só a violación física senón tamén a agresión simbólica por parte de quen as estigmatiza e as culpabiliza. Aleixandre atopa as verbas para falar da violación sen dramatismos e con naturalidade. A través da metáfora da Medusa, violada por Neptuno e castigada con volver pedra a quen ousase mirala, constrúe un relato sinxelo e redondo. Que dá para emocionar, pensar e tamén aprender, porque no fondo é profundamente didáctico. Toda unha lección de quen é mestra nas palabras e mestra de mestras/es nas aulas. De quen é capaz de contar unha historia que atrapa e ademais sintetizar, en dúascentas páxinas, a tripla violación –física, cultural e social– ás que as mulleres fomos e somos suxeitas.

Sofía e Lupe dan conta do ofuscamento dos primeiros intres, da múltiple vitimización que supón relatar unha e outra vez o acontecido en comisaría, hospitais e despachos legais, do medo e das dificultades para denunciar e para manter a denuncia. Fálannos tamén do estigma social, das compañeiras e compañeiros que non se atreven a miralas ou que as converten en culpábeis, dos xornais que delatan a súa identidade e deitan sobre elas a sospeita. E déixannos sobre todo testemuño da forza das palabras. Porque todo o libro, dende o momento en que a autora escolle falar da violación con normalidade, sen tabús e melodramatismos, até a maxia que as verbas teñen na boca dos personaxes como motor da acción, dá fe do poder das palabras tanto para atarnos ás cadeas patriarcais, como para reescribirmos e transformarnos. // **Belén Puñal**